OUT 2023
N.º 8
Actualidade
EN Ca Miño
www.concellodemino.gal
Depósito legal: C1771-2020

M. AMBIENTE
En outubro comezarán as actuacións na Praia Grande **Páx. 11**

FESTAS
Gran asistencia á XXII Feira da Cebola Chata **Páx. 12-13**

EDUCACIÓN
Protesta contra os recortes no CPI Castro Baxoi **Páx. 14**

ENTREVISTA
Alberto Valiño, presidente de Miñotauros **Páx. 23**

Instalacións máis amplas e modernas no Club Náutico

Xa remataron as obras de reforma e ampliación do edificio do Club Náutico. Un proxecto ambicioso, que contou cun investimento total de máis de medio millón de euros , e que para o Concello era imprescindible debido á popularidade dos deportes náuticos entre os veciños e veciñas do municipio e o aumento dos socios, socias e deportistas que rexistrou o club nos últimos anos. As instalacións xa están preparadas para asumir esa demanda, cun ximnasio máis amplo, novos vestiarios e aseos ou un remodelado almacén de embarcacións, máis operativo. **Páx. 7**

Entrega de chaves á directiva do CDN Miño

O novo goberno local aposta polo "enorme futuro de Miño"

O Partido Socialista de Miño obtivo a maioría absoluta nas eleccións municipais celebradas o pasado mes de maio. O goberno local, encabezado de novo por Manuel Vázquez Faraldo, aposta polo "enorme futuro de Miño". **Páx. 2-3**

A venda das 20 estruturas de Costa Miño deixa 1 M de euros

Manuel Vázquez Faraldo e a concelleira de Urbanismo, Emma González, asinaron, xunto cos representantes da empresa adxudicataria e ante notario, a venda por 909.000 euros das dúas parcelas de Costa Miño coas estruturas pareadas. **Páx. 4**

Faraldo ofrece “unha mirada en positivo” para afrontar “o enorme futuro que ten Miño”



Toma de posesión

O Partido Socialista obtivo a maioría absoluta nas eleccións municipais celebradas no mes de maio

Manuel Vázquez Faraldo foi investido como alcalde de Miño para o presente mandato (2023-2027) tras acadar, co Partido Socialista, a maioría absoluta nas eleccións municipais celebradas o pasado 28 de maio. Os resultados tras a votación foron de 8 concelleiros para o PSOE, 4 para o Partido Popular e 1 para o BNG.

Na sesión de investidura, tras recoller o bastón de mando, Faraldo tomou a palabra para agradecer “ao pobo de Miño a súa alta participación” e indicou que “este importante apoio significa non só un pulo ao noso traballo senón tamén ás nosas propostas”. “Sabemos que aínda hai moito que facer e somos conscientes das nosas condicións, pero temos que mirar en positivo todo o que a nosa vila é capaz de ofrecer. **Miño ten un futuro enorme** e todas e todos o sabemos”, afirmou o rexedor.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego, que conta cun concelleiro, asume a acta Alberte García Nicolás. No caso do Partido Popular, os catro concelleiros son: Begoña Yáñez Sanmartín, Ángel Abella Lorenzo, Fátima Blanco Permuy e Rogelio López Fraga.

Nova corporación municipal

O traballo realizado avala a continuidade na composición do novo goberno local

O novo concelleiro, Francisco Abuín, pasa a ser responsable de área e cuarto tenente de alcalde

A configuración da estrutura do goberno local de Miño para o mandato 2023-2027 supón unha aposta de Manuel Vázquez Faraldo pola continuidade, valorando o traballo realizado “avalado polo gran apoio electoral conseguido nas pasadas eleccións”.

Así, o alcalde asume a Área de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá, Protección Civil, Novas Tecnoloxías e Sociedade Dixital; Catalina Morado Fariña é a primeira tenente de alcalde e asume a Área de Educación, Cultura, Comunicación, Transparencia e Igualdade; Emma González Álvarez é a segunda tenente de alcalde e asume a Área de Atención á Cidadanía, Urbanismo e Réxime Interno; Yolanda Bello é a terceira tenente de alcalde e asume a Área de Servizos Sociais, Deporte, Turismo, Promoción Económica e Xuventude; e Francisco Abuín Cartamil é o cuarto tenente de alcalde e encargado da Área de Infraestruturas, Contratación, Medio Ambiente, Praias e Servizos Xerais. Por outro lado, José Manuel Pantín Morado ten delegado o Servizo de Deporte, Turismo, Promoción Económica e Xuventude; Elena Lage Suárez o Servizo de Medio Ambiente, Praias e Servizos Xerais; e Santiago Gómez Beade o de Novas Tecnoloxías e Sociedade Dixital.

Estrutura do goberno municipal

Despedida tras anos de traballo e vocación de servizo público

Algúns dos concelleiros e concelleiras que non repetiron

No derradeiro pleno do mandato 2019-2023, celebrado o 14 de xuño, ao rematar a sesión levouse a cabo un sinxelo acto de despedida dos concelleiros e concelleiras de diferentes grupos políticos que nese momento xa coñecían que non repetían como membros da corporación municipal.

Esa sesión plenaria foi a última para os concelleiros Agustín Sanz Horcajo, Marina Varela Lage, Jesús Veiga Sabín, Josefina Romeu Pérez, José Agustín Andrés Andrés e Ana Picos Freijomil como membros da corporación municipal.

O Concello en xeral, e o alcalde en particular, agradeceron a todas e cada unha destas persoas, a súa dedicación e o traballo feito durante todos estes anos, poñendo en valor a importancia que ten o servizo que ofrecen aos seus veciños e veciñas, quitándollo ás súas vidas e traxectorias persoais en moitos casos. Ademais, desexóuselles moito éxito persoal nos seus futuros proxectos.

Ingreso de preto de 1 millón de euros grazas á venda das 20 estruturas de Costa Miño

Supéranse as previsións iniciais do goberno local, ao saír a licitación por 437.000 euros

Momento da sinatura ante notario

Pouco a pouco, a xestión que está a facer o goberno local dos terreos de Costa Miño que foron adxudicados polo xulgado do Mercantil ao Concello comezan a dar beneficios ás arcas municipais. No caso das dúas parcelas que contan con 20 estruturas pareadas o ingreso é de preto de 1 millón de euros.

Manuel Vázquez Faraldo e a concelleira de Urbanismo, Emma González, asinaron, xunto cos representantes da empresa adxudicataria e ante notario, a venda por 909.000 euros destas dúas parcelas da urbanización.

Con esta operación o goberno local consegue un ingreso importante para as arcas municipais. Unha contía que supera amplamente as previsións iniciais, ao saír o expediente a licitación no seu momento por 437.088,73 euros. Esta transacción ten máis vantaxes xa que se consegue tanto un aforro no gasto público a través da supresión dos gastos do mantemento das parcelas como o conseguinte ingreso por IBI, ao mesmo tempo que serán dotadas de uso, permitindo aliviar, deste xeito, a demanda existente de vivendas no municipio.

No acto de formalización da venda, Faraldo sinalou que "pouco a pouco, xa desde o anterior mandato, estamos mellorando a imaxe de Costa Miño e logrando reverter, en favor dos veciños e veciñas de Miño, a situación herdada tras a burbulla inmobiliaria, conseguindo uns importantes ingresos para ir afrontando a elevada débeda que soporta o Concello". "Cando se completen estas 20 vivendas mellorará, aínda máis, a imaxe da urbanización e contribuiremos a dar resposta á actual demanda de vivenda que hai nesta zona e en todo o municipio", afirmou.

Haberá unha gasolineira con punto de recarga eléctrica, lavado de coches e tenda-cafetería

Outra das parcelas propiedade de Martinsa Fadesa que foron adxudicadas ao Concello de Miño permitirá ofrecer máis servizos aos veciños e veciñas de Costa Miño. Esta parcela, que foi licitada por 50.000 euros e foi adxudicada por preto de 70.000 euros, será destinada a gasolineira, pero ademais contará con outro tipo de instalacións, adaptadas aos novos tempo e ás necesidades da cidadanía.

Así, o proxecto que propón a empresa adxudicataria deste espazo inclúe, ademais da instalación da gasolineira, colocar puntos de recarga de vehículos eléctricos, a infraestrutura necesaria para lavado automático e manual de automóbiles e unha tenda cafetería para atender os clientes. "Ademais de superficie para vivenda é necesario dotar a urbanización de servizos para facer, se cabe, aínda máis atractivo instalarse en Costa Miño", comenta Manuel Vázquez Faraldo.

Parcela onde se instalará a gasolineira

O coworking 'A Casa do Pescador' súmase á rede provincial

Concello e Deputación asinaron un convenio para cofinanciar os gastos de funcionamento

Vázquez Faraldo asinando o convenio co presidente provincial

O espazo de coworking da Casa do Pescador de Miño xa forma parte, desde o pasado mes de xuño, da Rede de Centros de Traballo colaborativo coordinados pola Deputación da Coruña en toda a provincia.

Así o ratificaron Manuel Vázquez Faraldo e o presidente do ente provincial, Valentín González Formoso, coa sinatura dun convenio a través do cal ademais de integralo na rede provincial, a Deputación da Coruña achegou 40.075 euros, un 80 % do investimento total, para sufragar gastos derivados do funcionamento do centro como subministración de enerxía, Internet, limpeza e mantemento; e tamén outros de carácter directo como o deseño da imaxe corporativa, a difusión nos medios, o programa de formación e a impartición de charlas e coloquios, ademais da xerencia e dinamización do espazo e das actividades así como a captación e selección de persoas usuarias.

Con este acordo tamén se promove o xurdimento de iniciativas empresariais e posibilítase a consolidación dunha rede de traballo colaborativo no territorio, o cal se traduce na creación dunha nova oportunidade para dinamizar a actividade empresarial e fortalecer o tecido produtivo local, xa que se habilita para tal propósito un espazo creado especificamente para fomentar o emprendemento e promover a cualificación de empresarios e traballadores.

Este novo espazo ten por finalidade ofrecerlles aos profesionais un lugar colectivo no que traballar e no que poidan ter acceso a Internet e outros servizos de asesoramento, facilitando a conciliación e o traballo en común e supoñendo unha oportunidade para dinamizar o crecemento económico do municipio.

Avanza a formación do obradoiro de emprego Ártabro Emprende *III* coas prácticas en espazos municipais

O obradoiro dual de emprego *Ártabro Emprende III*, impulsado polo Concello de Miño, xunto aos municipios de Cabanas, Monfero, Paderne e Pontedeume, avanzou ao longo dos últimos meses na súa programación a través da realización de diferentes actividades prácticas encamiñadas a complementar a formación recibida durante o curso.

Deste xeito, o alumnado de ambas as modalidades impartidas no obradoiro, xardinería e mantemento forestal, tivo ocasión de desenvolver, a modo de prácticas, tarefas de conservación en diversos montes do municipio e outros labores de limpeza e mantemento de espazos como a Fraga do Xarío ou o Parque das Idades.

Visita ao alumnado de mantemento forestal

Traballos na Fraga do Xarío

Visita ao alumnado de xardinería

Iniciada a mellora de 38 camiños municipais

Os traballos inclúen a pavimentación, limpeza e mellora da drenaxe en sete parroquias

O Concello ratificou a súa decidida aposta pola mellora da mobilidade e a seguridade viaria a través da execución de labores de mellora en 38 camiños en sete parroquias do termo municipal.

As actuacións consisten na realización de tarefas de limpeza, pavimentación, instalación de novos elementos de sinalización e melloras na drenaxe destas vías.

Os traballos na parroquia de Bemantes fixéronse nos camiños de Cobelas, Ansimonde, Costa Sabugueiro, o camiño da estrada AC-160 - Padrín e aos tramos do camiño da Pedreira e o lado norte do Centro Social.

En Callobre as actuacións son nas seguintes vías: Camiño Barbeita - Lugar de Vigo, Camiño lugar de Vigo a DP 4804, Camiño DP 4804 a Peñascal (Sta. Uxía), camiño DP 0906 - Requeixo, Cachufeira e no Camiño DP 0906 - Cachufeira.

Pola súa parte, en Carantoña son: no camiño DP 0906 - A Torrelonga e tamén no tramo na Sapeira.

En Castro mellóranse o Camiño Real, o transversal a este, o paralelo AP-9 cara a Bañobre e Ponte Nande, Camiño dos Currás, Camiño do Pulo, no tramo zona Pazo San Paio e no Camiño en Viadeiro.

Na parroquia de Miño as melloras son nos camiños de Condomiñas, Robaleira-Hermo, o tramo Albergue-Protección Civil, o ramal acceso desde N-651 á Barrosa, na Rúa, rúa Francisco García Picos na Ponte do Porco e no camiño no Outeiro, en Sombreu

En Perbes corresponde ás vías seguintes: Sambollo-Dous Rios-O Covo, Currás - Arbosa, Nigrofe-Muíños-Chancas, camiño en Sambollo e tramo en Caldeviñas.

Finalmente, na parroquia de San Xoán de Vilanova actuouse nos camiños de Ombre a A Fraga, Valgote, Modia, Ombre - zona Depósitos, Ar en Buíña e na Graña.

Camiño Real, en Bañobre

Ramal de acceso desde a N-651 a Barrosa, en Miño

Ansimonde, en Bemantes

Sambollo, en Perbes

Camiño no Valgote, San Xoán

Transversal ao Camiño Real, en Castro

O CDN Miño xa ten á súa disposición unhas instalacións ampliadas e melloradas

Os traballos de mellora e ampliación das instalacións supuxeron un investimento superior ao medio millón de euros

O Concello rematou o proxecto de reforma e ampliación do edificio do Club Náutico logo dun investimento total de 550.127 euros que permitiu ampliar a área do ximnasio, superando na actualidade os 200 metros cadrados, redistribuír os espazos interiores para conseguir novas zonas necesarias como vestiarios e aseos accesibles e remodelar o almacén das embarcacións para crear unha zona destinada á carga e descarga que serve de nexo entre ambos os edificios. Ademais, está aprobada unha partida de 55.587,15 euros do orzamento municipal que se destinará para a adquisición de novo equipamento e material deportivo para o Club Deportivo Náutico.

O goberno local xa formalizou a entrega das chaves á directiva do CDN Miño.

Acto de entrega de chaves á directiva do CDN Miño

Área de ximnasio

Vestiarios

Decidida aposta polo lecer infantil a través de actuacións nos parques de Carantoña, Aveás, Nogueira e Abellós

Os parques infantís de Carantoña, Aveás, Nogueira e Abellós foron obxecto de melloras, modernizándoos e amañando algunhas zonas de xogo que estaban en mal estado, aumentando tamén a seguridade.

No caso da área de recreo infantil de Carantoña, as intervencións que se levaron a cabo consistiron na instalación dun novo peche perimetral elaborado a partir de material reciclado, o cal ademais de ser máis sostible e respectuoso co medio ambiente presenta unha maior durabilidade e resistencia ante as distintas situacións climatolóxicas. Ademais, neste espazo tamén se repararon e repintaron diversos elementos de xogo, mellorando deste xeito tanto a estética como as condicións de seguridade destes.

Pola súa parte, nos parques infantís de Abellós, Aveás e Carantoña as diferentes actuacións estiveron centradas en tarefas de coidado e mantemento de todos os elementos lúdicos que o integran.

Parque de Carantoña

Remata a segunda fase da Senda dos Sentidos

O itinerario aumentouse nuns 250 metros para conectar a ruta coa praia da Alameda

A segunda fase da Senda dos Sentidos é xa unha realidade logo de que se rematasen os traballos a través dos cales se aumentou o traxecto inicial do itinerario litoral nuns 250 metros.

A intervención, cofinanciada pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a través dunhas subvencións para municipios con superficie en Rede Natura 2000, permite agora a conexión da senda coa Praia da Alameda, na Ponte do Porco.

Os traballos incluídos nesta segunda fase do proxecto supuxeron a creación de dous novos miradoiros con vistas á ría, a retirada de exemplares de especies invasoras e a plantación de autóctonas.

Manuel Vázquez Faraldo, xunto a outros membros do goberno local e do director encargado da planificación e dirección dos traballos, visitaron o novo tramo da senda, onde puideron comprobar uns traballos que, en palabras do rexedor "dan continuidade aos piares da nosa política conectando núcleos, aproveitando a paisaxe e respectando a natureza".

Visita ao novo tramo da senda

Adxudicados os labores de mellora da seguridade en San Xoán

Tramo da actuación

A Deputación adxudicou por 717.000 euros a mellora da seguridade peonil en San Xoán de Vilanova, no tramo que vai desde o Apeadoiro ata O Andel.

Executaranse novas beirarrúas sen bordo e ao mesmo nivel que a vía principal, e tamén se melloraran as instalacións de saneamento, abastecemento e recollida de pluviais.

Nova senda peonil entre A Ponte do Porco e A Barrosa

O plan de mellora da seguridade viaria por todo o municipio continúa avanzando, tras a finalización dunha nova senda peonil entre A Ponte do Porco e A Barrosa.

A actuación, valorada nun total de 30.000 euros, supuxo a creación dun itinerario seguro para os viandantes a través da continuación das beirarrúas xa existentes e a instalación dunha rampla accesible para salvar o desnivel.

A intervención responde á aposta do Concello por mellorar a conectividade peonil entre os diferentes núcleos que conforman o municipio, promovendo deste xeito unhas maiores condicións de seguridade nos desprazamentos a pé.

O itinerario acondicionado

Mellores accesos e aumento da seguridade na Praia de Marín

Recreación da actuación

Xa está en marcha o proceso de licitación do proxecto de mellora dos accesos á praia de Marín.

Un proxecto que conta cun orzamento de 90.700 euros e que contempla a creación dun miradoiro, o reforzo dunha pendente para evitar desprendementos, a eliminación das especies invasoras que se detecten, o acondicionamento do acceso e dos diferentes espazos de estancia e a canalización dos servizos de auga e de electricidade.

A mellora da conexión da N-651 coa AP-9 dotará a Miño dunha maior seguridade viaria

A intervención desconxestionará o núcleo urbano e evitar os vehículos pesados

A demandada mellora da conexión da N-651 coa AP-9 será pronto unha realidade. Así se acordou na presentación do proxecto, un acto no que Manuel Vázquez Faraldo recibiu o que era delegado do Goberno en Galicia nese momento, José Miñones, a subdelegada do Goberno na provincia, María Rivas, e o xefe da Demarcación de Estradas, Ángel González del Río.

A intervención, que ascende a 6 millóns de euros, suporá a construción dun enlace que permitirá facer todos os movementos de tráfico entre a AP-9 e a N-651, independentemente do sentido da marcha, e permitirá evitar as habituais conxestións que se producen principalmente durante o verán, evitando tamén o paso de tráfico pesado polo núcleo urbano de Miño.

Vázquez Faraldo explica o proxecto ante José Miñones e María Rivas

Durante o acto de presentación do proxecto, Vázquez Faraldo agradeceu a implicación do Goberno de España e argumentou que, a través desta intervención, poderase "desconxestionar o tráfico e evitar a circulación de grandes camións polo centro do núcleo urbano, o que repercutirá tamén nun aumento da seguridade viaria". Ademais, na súa intervención tamén fixo fincapé en que a mellora na conexión "será moi beneficiosa de cara ao período estival, no que Miño incrementa, ano tras ano, a súa poboación dun xeito moi considerable".

A obra para a ampliación da rede de saneamento no núcleo da Tolda, na parroquia de Bemantes, xa está rematada

As obras para ampliar a rede de abastecemento no núcleo da Tolda, situado na parroquia de Bemantes, xa remataron.

A través desta intervención, valorada nun total de 21.174,04 euros, dotarase do esencial servizo de saneamento ás vivendas da zona, ampliando deste xeito a rede municipal existente, a cal discorre na súa maioría polo trazado da AC-160, ata a súa conexión coa rede xeral no Tres, pertencente a Vilarmaior.

Traballos de ampliación do servizo


Plano do novo circuíto de pumptrack

Unha nova pista de pumptrack ampliará a oferta deportiva

Boas novas para os amantes da bicicleta. Xa está a licitación a construción dun circuíto de pumptrack para bicicletas e monopatíns na zona deportiva da Galea. A actuación, valorada en 100.000 euros, permitirá ampliar a infraestrutura deportiva cunha instalación que ocupará unha superficie de 400 metros cadrados. O deseño do circuíto permitirá percorrelo sen necesidade de pedalear.

A rede de sendas incorpora un novo acceso á Fraga do Xarío desde a estrada de Perbes

Instaláronse dúas pasarelas que permiten salvar o río e conectar este espazo coa Praia Grande

A Fraga do Xarío está aínda máis preto dos veciños e veciñas de Miño, e tamén das persoas visitantes, grazas ao novo acceso creado desde a estrada de Perbes, que fai que quede situada a unha distancia de tan só 500 metros da Praia Grande, un dos puntos máis frecuentados do municipio durante todo o ano.

Esta actuación supuxo a instalación de dúas pasarelas de madeira, unha delas sobre o río Xarío, e o acondicionamento do itinerario. A intervención forma parte do proxecto de conservación, xestión da biodiversidade e melloras na conectividade na contorna dos ríos Xarío e Baxoi, que ten un orzamento total de 98.652 euros e conta cunha subvención de 80.000 euros con cargo aos fondos europeos Next Generation dirixidos a través da Consellería de Medio Ambiente.

Precisamente, Manuel Vázquez Faraldo recibiu a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez, que quixo coñecer as actuacións que se están levando a cabo neste proxecto.

No rio Xarío puxéronse en valor cinco muíños, realizáronse actuacións de fomento de polinizadores na contorna do campo de golf, mellorouse a conectividade peonil entre a Fraga do Xarío e a Praia Grande a través do acceso citado anteriormente e erradicáronse especies exóticas e alóctonas.

Nas marismas do Baxoi estase recuperando a senda costeiro-fluvial na contorna do río Baxoi, crearase un tramo de 100 metros de pasarela de madeira no borde da marisma, eliminarase o *plumacho* e tamén se erradicarán outras especies exóticas e alóctonas.

Pasarela sobre o río Xarío

Plano da actuación no Xarío

Visita da conselleira

No mes de outubro comezarán as obras de rexeneración do espazo dunar da Praia Grande

A actuación tamén implicará a integración do terreo do antigo campo de fútbol na marisma

O inicio das obras do proxecto de rexeneración do espazo dunar da Praia Grande xa ten data: o mes de outubro. A actuación, que conta cun orzamento de 1,7 millóns de euros e que levará a cabo o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, contempla: a integración do terreo do antigo campo de fútbol na marisma, a substitución da actual pasarela por unha, pegada ao chan, dun material acorde, a instalación dun itinerario ao posto de socorrismo e a eliminación de invasoras, ademais da tala de árbores só na zona dunar, respectando os do paseo.

Dunas da Praia Grande

Educando na Biosfera aos máis pequenos

Saída na Praia Grande

Ao remate do pasado curso os nenos e nenas do CPI Castro Baxoi e do CEIP de Bemantes participaron no programa Educando na Biosfera, organizado pola Reserva. A través desta iniciativa realizaron saídas para observar especies vexetais e animais, sensibilizándose co territorio.

Promoción do territorio, do patrimonio e da gastronomía local na Primavera no Camiño

Posto de información na feira

No mes de xuño o encoro de Beche, en Abegondo, acolleu unha edición máis do evento Primavera no Camiño, unha iniciativa impulsada pola Asociación de Municipios do Camiño Inglés e a Deputación da Coruña para destacar os atractivos que ofrece esta ruta xacobea e os 18 municipios polos que pasa.

O Concello de Miño contou cun posto informativo propio na feira, no que se publicitaron os recursos turísticos, patrimoniais e gastronómicos do municipio.

Nin a praia nin a calor poden coa Feira da Cebola Chata

O 6 de agosto celebrouse a vixésimo segunda edición deste evento cultural e gastronómico

A Feira da Cebola Chata, que este verán celebrou a súa vixésimo segunda edición, converteuse por dereito propio en protagonista da época estival en Miño e tamén na comarca.

O 6 de agosto, e pesar do bo día e as altas temperaturas que se rexistraron durante a xornada, un dos produtos gastronómicos de referencia do municipio logrou afastar a xente das praias e atraeu centos de persoas, que gozaron das diferentes actividades incluídas na programación. Ademais do mercado tradicional e de artesanía e as degustacións de diferentes pratos gastronómicos que xiraban ao redor da cebola chata, como unha mini hamburguesa, destacou a sesión vermú amenizada por 'Manuel Manquiña con los Fabulosos Weekend', as distintas actividades dirixidas aos máis pequenos, ou os obradoiros de cestería e enristrado que se levaron a cabo nas pistas de Rabazal.

Rexeitamento unánime ao peche da aula de 4.º de infantil no Castro Baxoi

A corporación emitiu unha declaración en apoio ás demandas da comunidade educativa

A decisión da Consellería de Educación de pechar unha das dúas aulas de cuarto de educación infantil no CPI Castro Baxoi provocou un rexeitamento unánime por parte da poboación de Miño e tamén da corporación municipal. A pesar de que a ANPA logrou recoller 1.200 sinaturas para deixar clara a desconformidade da comunidade educativa con esta medida, a Consellería non atendeu ningunha destas demandas e decidiu suprimir a citada aula para o curso 2023/2024.

A corporación municipal sumouse ás reivindicacións que fan os pais, nais e tamén o profesorado do centro. Por iso, no mes de agosto, nunha sesión plenaria extraordinaria emitiuse unha declaración institucional na que se lle reclama á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que reconsidere o peche desta aula. No texto critícase que toman esta decisión "atendendo ao criterio de ratio" e lémbrase que "a matrícula no colexio increméntase cada curso, en paralelo ao aumento de poboación da localidade e ás novas matrículas que se producen durante o curso a través do Centro de Protección de Menores-Religiosas de María Inmaculada". "Por iso, tal e como aconteceu nos últimos cursos, é posible que a matrícula de cuarto de educación infantil medre durante o curso e supere os 25 alumnos e alumnas", afírmase.

Un centenar de persoas na manifestación de setembro

Ademais, tamén se explica na declaración institucional que así "redúcese un posto de profesorado de apoio" quedando "con só unha mestra de apoio para 5 aulas, nun nivel no que este posto é moi necesario para dar a cobertura necesaria".

O CPI Castro Baxoi e o CEIP de Bemantes afrontan o curso en mellores condicións tras os traballos de reforma acometidos

O equipo municipal de obras e mantemento levou a cabo durante o verán diferentes melloras e traballos de acondicionamento no CPI Castro Baxoi; onde se repararon os peches e a malla do invernadoiro, acondicionáronse as zonas verdes, a beirarrúa da entrada ao patio, o parque infantil e creáronse ramplas de acceso; e no CEIP de Bemantes, ademais de reparacións, tamén se traballa na adaptación do novo local cedido polo Concello.

CEIP de Bemantes

Mantemento no CPI Castro Baxoi

Beirarrúa accesible no CPI Castro Baxoi

Máis de 400 nenas e nenos desfrutaron dos campamentos

Ao longo dos meses de xullo e agosto leváronse a cabo catro quendas en Bemantes e Xarío

Outro verán máis, os campamentos municipais foron todo un éxito de participación. Nesta ocasión foron 437 os nenos e nenas que participaron nas catro quendas habilitadas nos meses de xullo e agosto en dúas sedes: o centro social de Bemantes e a antiga escola de Xarío.

Había dous tipos de campamento: os de conciliación e os deportivos. Os de conciliación, dirixidos a nenas e nenos nados entre 2011 e 2019, ofreceron xogo, aventura, actividades ao aire libre e un gran respiro para as familias que precisan conciliar. No caso dos deportivos, dirixidos a nenas e nenos nados entre 2009 e 2015, incluíron diferentes deportes como o skate, o voleibol, béisbol, fútbol praia, escalada, tiro con arco, láser tag, xadrez, parkour, bodyboard, skimboard, videoxogos, deportes acuáticos e moitas actividades máis.

Un dos grupos en Xarío

Clausura en Bemantes

Unha vía de solidariedade desde Miño ata o Sáhara

Recepción no concello

Rica é unha rapaza saharauí que pasou o mes de agosto en Carantoña cunha familia de acollida grazas á asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui. A pequena foi recibida na casa do concello por Manuel Vázquez Faraldo que, en nome de toda a corporación municipal, lle fixo entrega de varios agasallos.

Faraldo destaca "o gran traballo que fan en SOGAPS para manter os lazos do pobo saharauí con España e ofrecer un verán en familia para moitas nenas e nenos, e tamén a xenerosidade de moitas familias como neste caso a de Cristina, que acollen estes rapaces como se fosen as súas fillas ou os seus fillos".

Miño recibe o proxecto A Vila do Mañá, unha iniciativa educativa e divulgativa pioneiro dirixido á infancia e á adolescencia

Os participantes dos campamentos puideron desfrutar do programa 'A Vila do Mañá', un proxecto educativo e divulgativo pioneiro. As actividades leváronse a cabo en Xarío e en Bemantes en diferentes espazos e o obxectivo era que, a través do xogo, se tomase conciencia de todas as escalas do común: a nosa lingua, a arquitectura, o patrimonio, o urbanismo, a paisaxe a sustentabilidade.

Unha das actividades en Xarío

A biblioteca municipal recibe o premio estatal María Moliner

O centro foi galardoado en recoñecemento ao seu proxecto 'Cerca de Ti'

Visibilizar e achegar a biblioteca ás familias e recuperar a asistencia prepandemia era o obxectivo do proxecto 'Cerca de ti', polo que a biblioteca municipal 'Concepción Arenal' recibiu o premio estatal 'María Moliner', concedido polo Ministerio de Cultura e Deporte. A través do conto búscase captar novos e novas lectoras. Así, todos os primeiros xoves do mes programouse un contacontos.

O centro foi un dos 15 galardoados a nivel nacional por parte do Ministerio, que buscaba as mellores propostas de animación á lectura entre concellos de menos de 50.000 habitantes.

Como recoñecemento, a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, achegouse á biblioteca municipal, acompañada de Manuel Vázquez Faraldo, da concelleira de Cultura, Catalina Morado, e da bibliotecaria, Marisa Álvarez, para coñecer de primeira man o proxecto premiado.

A subdelegada, que aproveitou a súa visita para coñecer os recunchos da biblioteca e as actividades que nela se desenvolven, felicitou o Concello e a bibliotecaria por "este máis que merecido premio e polo esforzo e entusiasmo que poñedes ao fomentar o hábito da lectura, unha das ferramentas máis fermosas coas que conta o ser humano para medrar, aprender, soñar, coñecer e desfrutar".

Visita da subdelegada do Goberno, María Rivas

Axudas para emprender e para favorecer a conciliación

As persoas autónomas de Miño poden beneficiarse das axudas da Xunta de Galicia dirixidas a favorecer o emprendemento e a conciliación.

A liña de axudas ao emprendemento do ano 2023 está dirixida a persoas traballadoras autónomas, PEMES, sociedades cooperativas, empresas de inserción e Centros Especiais de Emprego. Permiten financiar os investimentos en propiedade xa realizados e pagados como: equipamento informático, activos intanxibles, mobiliario, reforma das instalacións e outros.

Por outra banda, tamén está activa a axuda para a conciliación da persoa traballadora autónoma da vida familiar e laboral. As accións subvencionables permiten apoiar a contratación da persoa traballadora para: axudarlle no coidado de menores, maiores ou dependencia, contratación dun centro ou por maternidade e paternidade.

O prazo para presentar as solicitudes para ambas está aberto ata o 29 de setembro.

Acondicionamento e limpeza das marquesiñas

Os operarios municipais levaron a cabo diversos labores de acondicionamento e limpeza das marquesiñas e da súa contorna antes do inicio do curso escolar.

Apoio municipal ás familias para afrontar o curso escolar

Un ano máis, o Concello volveu a activar as súas liñas de axuda para axudar as familias empadroadas en Miño a afrontar diferentes gastos ocasionados polo inicio do curso escolar.

Así, destináronse 25.500 euros para as liñas de subvencións para a compra de libros de texto e material escolar e para as axudas de comedor para o curso 2023/2024. Nos últimos anos a dotación das bolsas comedor foi practicamente duplicada, en resposta á demanda dun servizo de comedor polas familias. O obxectivo é que estes gastos derivados da educación dos fillos e fillas non supoñan unha carga ás familias, tendo sempre prioridade aquelas con menos poder adquisitivo.

Os areais volveron ser sinónimo de calidade, con servizos reforzados e novo equipamento

A praia Grande e a da Ribeira recibiron a distinción de Calidade e en Perbes volveu lucir a bandeira azul

As praias do Concello de Miño volveron ser unha referencia durante este verán tal e como o reflicten os recoñecementos acadados polos diferentes areais do municipio.

Deste xeito, a praia de Andahío en Perbes izou un ano máis a bandeira azul, entregada polo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, nun acto celebrado na praia de Valcovo, en Arteixo, e o areal da Ribeira e a Praia Grande de Miño foron galardoadas coa bandeira Q de Calidade Turística.

Para lograr estas certificacións, o goberno local apostou decididamente, un ano máis, polo reforzo de servizos, comezando pola contratación de 12 socorristas, que permitiron atender todas as praias desde o 15 de xuño ata o 15 de setembro. Ademais, tamén se implantou de novo o servizo de aparcadoiro na Praia Grande, poñendo a disposición de todos os veciños e veciñas de Miño que paguen o IVTM no Concello as tarxetas de aparcadoiro no triángulo por un prezo de 12 euros.

Por outra banda, tamén se instalou novo mobiliario e equipamentos deportivos na praia da Ribeira, onde se colocaron ao comezo do verán redes de voleibol e porterías de fútbol, ofrecéndolle á veciñanza e aos visitantes unha alternativa de ocio saudable apta para todos os públicos.

Bandeira Q de Calidade Turística

Acto de entrega da bandeira azul de Perbes

Socorristas na Praia Grande

Zona deportiva na Ribeira

A II Feira da Cultura EnCaMiño foi un éxito reunindo máis dun millar de asistentes

Ao redor de 70 autores e autoras do panorama nacional participaron nesta segunda edición

A segunda edición da Feira da Cultura EnCaMiño saldouse cunhas cifras de asistencia moi positivas, superando o milleiro de asistentes ao longo dos tres días de celebración do evento.

As pistas de Rabazal acolleron a 70 autoras e autores chegados desde diferentes puntos da xeografía nacional como Ana Lena Rivera, Arantza Portabales, Pedro Feijoo, Men Marías ou Leticia Sierra, entre outros moitos literatos e literatas.

Un dos relatorios da feira

Ademais, a programación da feira tamén incluíu unha serie de eventos e actividades paralelas dirixidas a todas as idades que foron desde diversos obradoiros, espectáculos de contacontos, masterclass, micros abertos, concertos musicais por conta de Los Mártires del Rock&Roll e de DJ Hanuman. Outro dos grandes atractivos deta edición foi a celebración da ruta gastroturística 'Os Rincóns segredos de Miño', a cal agasallou a vista e os padais das persoas asistentes a través dunha viaxe por algúns dos espazos máis emblemáticos do municipio na que se incluíu a degustación dalgunhas das receitas con maior arraigo en Miño.

Ante o éxito da presente edición o goberno local confirmou que o vindeiro ano o evento será celebrado os días 19, 20 e 21 de xullo. Vázquez Faraldo puxo en valor "unha feira que supón un importante punto de encontro cultural interxeracional".

Máis de 100 ciclistas déronse cita no Día da Bicicleta

Unha ruta para todos os públicos

Miño celebrou un ano máis o Día da Bicicleta nunha xornada, organizada polo Concello coa colaboración do Club Ciclista Miñotauros, na que se deron cita máis de 100 participantes. A saída constou dun itinerario polo paseo do Lambre de 15 quilómetros de lonxitude no que por suposto non faltou o avituallamento ao remate.

A cucaña, un ano máis protagonista en San Pedro

O inicio do verán volveu estar marcado polas tradicionais Festas de San Pedro en Miño.

Unhas das mellores orquestras de Galicia déronse cita nuns festexos que contaron con agrupacións como Combo Dominicano, Galilea ou Cinema. Ademais, os máis pequenos do fogar tamén tiveron o seu espazo no Día dos Nenos coa Festa da Espuma e coas atraccións a prezos reducidos.

Non obstante, malia a ampla oferta de actividades, a cucaña repetiu como unha das grandes atraccións das festas, coroando nesta edición a David García Paz como vencedor, seguido por Renato da Silva e Samuel Dopico Rodríguez.

Expectación no porto de Miño durante a cucaña

Great Straits trouxo a forza do rock & roll ao verán miñense

Concerto en Rabazal

Great Straits, a agrupación liderada por Óscar Rosende que rende tributo á mítica banda británica *Dire Straits*, ofreceu un concerto, con entrada gratuíta, ante centos de asistentes congregados nas Pistas de Rabazal para vibrar con algúns dos temas máis sobranceiros da agrupación encabezada por Mark Knopffler.

As festas relixiosas florecen da man do alfombrismo local

Nosa Señora de Miño e o Corpus Christi de Perbes luciron senllas creacións de arte efémero

As alfombras florais volveron agromar en Miño grazas ao bo facer da Asociación de Alfombristas Arte Efémero de Miño - Perbes, cuxos integrantes volveron demostrar o seu dominio nesta disciplina.

Deste xeito, a igrexa de Perbes celebrou o día de Corpus Christi o 8 de xuño engalanada cunha fermosa alfombra realizada a cargo desta agrupación, responsable tamén da elaborar as diferentes obras de arte efémero coas que se honrou o día de Nosa Señora, o 15 de agosto en Miño.

Alfombra en Perbes

O centro social A Rúa exhibiu unha exposición sobre a historia das educadoras ao longo da historia

Paneis da mostra

O Centro Social A Rúa acolleu a exposición *Educación en feminino: Un paseo pola historia* ata o 15 de abril.

A mostra estivo integrada por 39 pósters nos que se recoñece o legado de numerosas educadoras e colectivos de docentes de distintos lugares e épocas, con especial atención ás educadoras galegas da Idade Contemporánea. A exposición foi cedida pola facultade de Formación de Profesorado da USC do Campus de Lugo, e elaborada polo alumnado de primeiro curso deste centro.

Artigos históricos na IX Feira de Antigüidades, Coleccionismo e Vintage en Rabazal

A novena edición da Feira de Antigüidades Coleccionismo e Vintage, organizada pola Asociación Ferro Vello coa colaboración do Concello, aglutinou durante un fin de semana nas pistas de Rabazal a centos de asistentes que puideron contemplar e mercar numerosos artigos dos 32 expositores participantes chegados desde Galicia, Asturias, Castela e León, Bilbao, Oporto e Barcelos.

Chegaron expositores de diferentes puntos de España e Portugal

Folclore e cultura no XXI Festival de Danza e Música Tradicional José Juan García

Exhibición de danza popular galega no parque da Rúa

Un ano máis, a Asociación Cultural Recreativa e Deportiva O´Castro organizou, coa colaboración do Concello, o Festival de Danza e Música Tradicional José Juan García, no que o folclore, a tradición e a cultura galega foron os protagonistas indiscutibles dunha xornada de festa e, sobre todo, moita música, que estivo amenizada polas moitas actuacións de diversas agrupacións tradicionais.

A A.D. Miño culmina unha temporada para o recordo co ascenso a Rexional Preferente

O club miñense xogará por primeira vez na súa historia nesta categoría tras proclamarse campión

Asociación Deportiva Miño fixo historia durante a pasada tempada tras lograr un ascenso histórico que o leva a xogar na categoría de Rexional Preferente por primeira vez nos seus corenta anos de historia.

O conxunto albivermello mostrou unha enorme solidez no cómputo xeral do curso deportivo chegando a acadar durante a segunda volta do campionato doméstico unha ampla vantaxe de oito puntos sobre o segundo clasificado. Non obstante, non sería ata a derradeira xornada cando se puido certificar o ansiado ascenso a Rexional Preferente logo de impoñerse por un contundente resultado de 1-5 fronte ao Ural Español no campo da Grela, na cidade da Coruña.

Foi unha temporada moi boa para o club miñense xa que a este gran éxito do primeiro equipo sumáronse os bos resultados acadados nas categorías inferiores, referendando o traballo feito e sendo así grandes representantes do deporte local.

O capitán da A.D Miño levanta o trofeo como gañador da Primeira Galicia

O fútbol foi o gran animador deportivo do verán miñense

O Muíño Roxo de Betanzos foi o gañador do Torneo de Fútbol Sala

O fútbol protagonizou a oferta deportiva estival do Concello, achegando a práctica futbolística á veciñanza a través de diversas modalidades.

Por outra banda, o Campionato de Fútbol Sala volveu ser un éxito, ofrecendo un espectáculo de calidade nunha edición na que o Muíño Roxo de Betanzos se coroou como vencedor do torneo.

Éxito da V Carreira Popular e a Andaina 10K Praia de Miño

Deporte e natureza déronse a man no pasado mes de maio para a celebración da V Carreira Popular 10K e da Andaina "Praia de Miño", que reuniu un bo feixe de atletas para gozar da práctica deportiva ao aire libre ao longo do termo municipal.

En total disputáronse sete probas diferentes, coas súas respectivas distancias en función das idades dos participantes.

Na competición puideron participar tanto atletas federados como afeccionados, e todos os fondos recadados das inscricións foron destinados integramente á ONG Asociación Integral Rescate de Emerxencias.

Un numeroso grupo de colaboradores fixo posible que fose un éxito

A IV regata provincial congrega 300 atletas

O Club Ría de Betanzos foi coroado como gañador na proba do Porto de Miño

Miño foi o escenario escollido para a celebración da cuarta edición da Regata do Circuíto provincial da Deputación da Coruña. A proba, que estivo organizada polo Club Deportivo Náutico de Miño, reuniu no porto un total de 300 piragüistas das distintas categorías de base, desde prebenxamín ata cadete.

O Club Ría de Betanzos foi coroado como vencedor con 5.717 puntos, seguido polo Club Náutico Firrete con 4.995 puntos e o Club Deportivo Náutico de Miño, con 319 puntos.

Entrega de premios

O Club Ría de Betanzos festexa a súa vitoria na IV Regata do Circuíto da Deputación da Coruña

Ducias de participantes no XVII Memorial Miguel Santos

Algúns dos gañadores

A XVII travesía a nado "Memorial Miguel Santos" congregou na praia de Perbes a ducias de nadadores e nadadoras de todas as idades para participar nas catro categorías nas que se dividiu a proba.

Os barcos tradicionais sucan as augas miñenses

O Club Marítimo de Perbes, da man do Concello, organizou a décima edición do Gran Premio de Embarcacións Tradicionais "Homenaxe a Juan Manuel Bañobre". O 'Albatrós', de Perbes, foi o navío vencedor da proba acadando dous primeiros postos, seguido por 'A Feituca' de Sada, que obtivo tamén dous segundos postos, mentres que no terceiro posto produciuse un triplo empate entre 'O Canouro' e o 'Nordesía', ambos sadenses, e o 'Osorio', de Ares.

Unha das embarcacións participantes na competición.

O golf consolídase no municipio grazas ao Torneo Concello de Miño

Entrega de trofeos

Miño consolida a súa aposta polo golf coa celebración do IV Torneo Concello de Miño disputado na modalidade Individual Stableford. Jesús Barreiro, Daniel Castro e Sergio Piñeiro gañaron na presente edición.

Miño afiánzase como un dos puntos de referencia no eido dos festivais en Galicia

Artistas da talla de Fillas de Cassandra, Saiko ou The Duellist animaron o verán miñense coas súas actuacións

A música foi unha das grandes dinamizadoras do verán miñense, grazas á celebración dunha ampla variedade de propostas para todos os gustos e públicos.

Deste xeito, tanto a veciñanza como os visitantes puideron gozar de festivais como o *Frionorostro*, *Hijos del Perreo* ou o xa tradicional *Loro Facu*. A maiores, a protectora Xuntos As Mariñas tamén tivo o seu espazo organizando o festival Huellitas, que se levou a cabo no Parque da Rúa.

Loro Facu. Foto de Aigi Boga

Frionorostro

Hijos del Perreo

The Duellist en Huellitas

Publicadas as actividades municipais para o curso 2023-2024

Xa está publicada a oferta de actividades municipais culturais e deportivas para o curso 2023-2024.

Dentro da tradicional oferta, con opcións para todos os gustos e idades no eido da cultura e o deporte, destacan tres novidades na programación: un curso da educación secundaria para adultos (ESA), outro de monitor de tempo libre e un obradoiro de corresponsabilidade na cociña dirixido ás familias.

No caso do curso para sacar o título da ESA, o Concello decidiu retomar esta actividade, que non se levaba a cabo desde o ano 2010 e que facilita a preparación para o exame obrigatorio para obter a certificación da educación secundaria obrigatoria. Esta formación é totalmente gratuíta para as persoas que consigan praza.

Por outra banda, desenvolverase un curso de monitor de tempo libre. Trátase dunha profesión na que se está a rexistrar un notable aumento de demanda por parte do mercado laboral e que conta cun elevado índice de inserción laboral entre os alumnos e alumnas.

Por último, está prevista a realización dun obradoiro de corresponsabilidade na cociña. Esta actividade está orientada á participación de toda a familia, xa que durante as clases os pais e nais aprenderán técnicas de *batch cooking* (un método de organización que consiste en realizar receitas para cociñar nun día e que sirvan para comer varios) mentres que os seus fillos e fillas formaranse nun taller de autonomía na cociña, para que aprendan e se divirtan experimentando.

Portada do folleto

Foto de familia dunha das saídas

Alberto Valiño

Presidente do Club Ciclista Miñotauros

"Os que proban na bicicleta, quedan con ganas de repetir"

No ano 2015 cinco amigos que se xuntaban para saír en bicicleta decidiron fundar o Club Ciclista Miñotauros. Agora, 8 anos despois, achéganse aos 40 afiliados

Como foron os inicios?

Foron e seguen sendo fáciles. Nós somos un club humilde, non é que organicemos competicións. Individualmente si que temos compañeiros que compiten pero en realidade vimos facendo o mesmo que faciamos antes de formalizar o club, actividades para que a xente se anime, sobre todo a rapazada. Non nos complicamos moito a vida, sinceramente.

Miñotauros é unha entidade pioneira.

Si, antes non había ningún club ciclista en Miño. Agora andamos sobre os 30 socios activos e preto de 40 simpatizantes. Cando comezamos eramos cinco amigos, que somos os que agora formamos a directiva, e pouco a pouco fomos medrando.

Que beneficios ten ser socio ou socia?

O primeiro é poder ter un grupo para ir en bicicleta. Aínda que é un deporte que se pode practicar individualmente sempre é máis recomendable ir acompañado, sobre todo no noso caso que soemos facer BTT. Ademais, o que ten pertencer a calquera asociación: coñecer máis xente que practica o mesmo deporte, participar nas rutas...

Cal é a vosa actividade ao longo do ano?

Ademais das rutas, facemos, dentro das actividades municipais, a *BiciEscola* cos cativos para fomentar a práctica, de forma lúdica, do ciclismo. Outra das nosas facetas é a de ter habilitadas as rutas e ter abertos os camiños para facelos practicables. O obxectivo é facilitar a práctica xa que a BTT require que os camiños estean ben mantidos. É un labor que non é só noso, tamén depende do Concello. Neste aspecto, solicitouse que se unisen camiños ao inventario municipal para que tivesen un mantemento. Este ano incorporáronse todos os camiños que se solicitaron, xa están inventariados.

Notades que cada vez hai máis afección ao ciclismo en Miño?

Notamos que os que proban con nós na bicicleta, quedan con gañas de repetir. Cando se animan a vir a BiciEscola e ven que dentro da actividade, ademais de ir de ruta, pásase moi ben, repiten. Temos un lema no club: "respecto, empatía e superación". As palabras xa o din todo pero intentamos promovelas na práctica. Desde o respecto, tanto que nos respecte o vehículo cando vas pola calzada como entre nós, á empatía, que é necesaria, sobre todo nos grupos con cativos, nós apoiámonos uns aos outros. E, por último, a superación sempre está aí, como en calquera deporte, para non quedarse atrás. A bicicleta é algo que chama moito a atención pero tamén é moi duro.

Alberto Valiño

LAS ESTRELLAS DEL CAMINO

MURAL ROCÍO DÍAZ PAZ

Rocío Díaz Paz, veciña de Bañobre, protagoniza un dos murais do proxecto *Las Estrellas del Camino*, de Estrella Galicia.

A empresa quixo homenaxear a Rocío pola súa axuda aos peregrinos coa creación dunha tetería para o seu uso, converténdose nun dos mellores almorzos que se poden atopar ao longo do Camiño Inglés.

COÑECE O PROXECTO AQUÍ